



CURSO CELGA 1 EN LIÑA

Resolución da aprobación das listaxes de admitidos ao curso

No *Diario Oficial de Galicia* do 19 de xaneiro de 2011, publicouse a Orde do 13 de xaneiro de 2011, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se anuncian, con carácter voluntario e gratuíto, cursos de lingua galega preparatorios para as probas dos niveis Celga 1, 2, 3 e 4, para particulares (adultos) e colectivos de Galicia, no ano 2011.

No seu artigo 9, indícase que o día 1 de marzo sairá publicada unha convocatoria específica de cursos en liña para preparar a proba do Celga 1. Nela ofértanse 3 cursos de 50 persoas cada un, baixo a modalidade de “en liña”.

Logo de examinar a documentación das solicitudes presentadas e unha vez que as prazas ofertadas foron cubertas, RESOLVO:

- Aprobar as listaxes de admitidos/as e a listaxe de solicitudes en lista de espera.
- Ordenar a súa publicación na web www.xunta.es/linguagalega

Anexo: listaxe de admitidos/as codificada segundo a convocatoria (primeira letra do nome, primeira letra do 1º apelido, primeira letra do 2º apelido, tres últimas cifras do DNI) por grupos (1, 2 e 3) e titora encargada.

Listaxe de solicitudes en lista de espera por orde da data de entrada da solicitude.

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2011

O secretario Xeral de Política Lingüística



Anxo M. Lorenzo Suárez